

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 24 DE XULLO DE 2025.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA.

VOGAIS:

**D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ.
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
DONA MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ (*En substitución de D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ*).
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.**

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día 24 de xullo de 2025 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asisten o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Non asiste o Deputado, D. Gregorio Luis Agís Gómez, sendo substituído polo Deputado, D. Paco Ferreira González.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. *Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, correspondente o día 20 de xuño de 2025. (Expte.- 2023057599).***

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 20 de xuño de 2025.

- 2. *Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación. (Exptes.- 2025052177 – 2025007270).***



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación, asinada con data 14 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, cuxo contido é o seguinte:

“Unha vez rematados os servizos correspondentes aos lotes 1 e 2 do contrato do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra (Expte: 2020033152) formalizados en contrato, en marzo do ano 2021 incluída unha prórroga de dous anos, necesítase volver a licitar unha nova contratación que contemple un novo período para a prestación dos servizos corporativos de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra.

Este servizo é necesario para a correcta execución das competencias propias previstas no artigo 36 da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local. Polo tanto o obxecto da presente licitación é a de establecer unha nova contratación do servizo integral de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra que abarque os servizos de constitución dunha rede de datos (rede WAN de acceso, rede LAN troncal de fibra óptica, acceso a Internet), telefonía fixa e móbil, conexión de datos en mobilidade, servizo de conectividade xestionada, e servizos de seguridade anti DDoS, seguridade perimetral e MDM. A solución integral de comunicacións incluírá tamén a xestión, mantemento e soporte da rede multiservicio que se constituía.

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia, ademais de non dispor da infraestrutura e medios para operar como un operador de telecomunicacións. Ademais ca externalización conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

En base ao exposto, con data 14/02/2025, o Deputado delegado en materia de Novas Tecnoloxías e Contratación dictou providencia de inicio para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra . O contrato proposto ten un prazo de duración de catro anos contados desde a finalización da fase de implantación, con posibilidade de unha prórroga de un ano de duración. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 29/05/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con CSV: MG9WB9032Z3IK6CW.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Visto que pola intervención realizouse a previsión futura de retención de crédito para o gasto do ano 2026 mediante a emisión do documento RCFUT por importe de 700.000,00 euros na aplicación 26/926.9260. 222.00.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 04/06/2025.

Tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola intervención polo que se informa favorablemente o expediente establecendo como observación e recomendación o seguinte “Nos criterios avaliados mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, a pesares de que veñen ponderados no prego, como o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é tan elevado e resultan un tanto xerais, faise difícil a posterior comparación entre as ofertas, polo que no informe técnico de valoración das mesmas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.”

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.



O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda:

1.- **Aprobar o expediente** de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra”, de acordo co seguinte orzamento base de licitación:

	Total anual	Total 4 anos
Importe sen IVE	578.512,40 €	2.314.049,60 €
IVE (21 %)	121.487,60 €	485.950,40 €
Importe total (IVE engadido)	700.000,00 €	2.800.000,00 €

O prazo de duración do contrato é de 4 anos contados desde a finalización da fase de implantación, establecéndose a posibilidade de un prórroga de 1 ano de duración.

2.- **Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas** con (CSV: Y436R5WGIZ0K2XJ4) e de **prescricións técnicas** con (CSV: Z3QDHBKKNY0GLV7O7) que rexerán en dito procedemento coma lei fundamental do contrato.

3.- **Autorizar o gasto** por importe de 2.800.000,00 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/926.9260. 222.00	700.000,00 €
2027	27/926.9260. 222.00	700.000,00 €
2028	28/926.9260. 222.00	700.000,00 €
2029	29/926.9260. 222.00	700.000,00 €
TOTAL		2.800.000,00 €

Os gastos que se deriven do presente contrato quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

A distribución do financiamento por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de inicio da fase de operación unha vez finalizada a fase de implantación.

4.- **Nomear como responsable do contrato** ao Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías.

5.- **Delegar na Presidencia:**

- A realización dos requirimentos e demais trámites previstos nos artigos 150 e 151 da LCSP, previa aceptación da clasificación das propostas que efectúe a mesa de contratación.



6.-Delegar, por razóns de celeridade, na Xunta de Goberno provincial:

- A incoación do expediente de resolución do contrato. O Pleno resérvase, no seu caso, o acordo de resolución.
- A incoación e resolución das incidencias, que se produzan na execución do contrato que non conleven a resolución do mesmo, en particular as relativas ao incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións que poidan ser obxecto da imposición de penalidades.
- Os demais actos de trámite que conleven a adxudicación e execución do contrato.

7.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación, asinada con data 14 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.



3. Adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación. (Exptes.-2025052201 - 2024043090).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación, asinada con data 7 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra”, dividido en 5 lotes:

- Lote 1 Sede de Vigo*
- Lote 2 Centro Príncipe Felipe e a Lanzada*
- Lote 3 Museo de Pontevedra*
- Lote 4 Cooperación, EFA, COI e Finca Mouriscade*
- Lote 5 Turismo Rías Baixas*

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de febreiro de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 4 de febreiro de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Tendo en conta que, en data 24 de febreiro de 2025, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Alcor Seguridade, S.L. (CIF: B27382175) contra os pregos reguladores da presente contratación e que con data 4 de marzo de 2025, emite resolución 39/2025 do citado recurso estimando o mesmo, por acordo do Pleno do día 28 de marzo de 2025 aprobouse modificar o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen nesta contratación e reiniciar o prazo para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación rectificado enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 1 de abril de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 1 de abril de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos modificados de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 8 de maio de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A Mesa de Contratación, na reunión de día 8 de maio de 2025, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios



non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico da Unidade de Control e Vixilancia (Lote 1), do Centro Príncipe Felipe e do servizo de Xuventude e Reto Demográfico (Lote 2), do Museo de Pontevedra (Lote 3), do servizo de Cooperación (Lote 4) e do servizo de Turismo Rías Baixas (Lote 5) para que avaliaran e ponderasen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Polo persoal técnico dos centros e servizos referidos emitíronse os correspondentes informes de valoración técnica cos seguintes códigos CSV:

Lote	Denominación	CÓDIGO CSV
Lote 1	Sede de Vigo	HH8LCFMTN1Z2BS45
Lote 2	Centro Príncipe Felipe e a Lanzada	7BMT6V8Q5V0TR8M1
Lote 3	Museo de Pontevedra	G9B8FLLI02SX65I4
Lote 4	Cooperación, EFA, COI e Finca Mouriscade	Y0IFTV8ER206K9LT
Lote 5	Turismo Rías Baixas	2Y1RV18ZKKRJSJCH

A Mesa de Contratación, na sesión do día 5 de xuño de 2025, prestou conformidade ás puntuacións acadas en base aos citados informes, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que resultaron admitidas e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas.

A Mesa de Contratación, na reunión do 5 de xuño de 2025, acordou non incorporar na acta as proposicións económicas do lote número 1 contidas no sobre “C”, deixando as mesmas baixo custodia ata que o órgano de contratación resolva sobre a proposta de desistencia por un erro non subsanable, ao abeiro do artigo 152.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 12 de xuño de 2025, acordou:

1. Propor ao órgano de contratación a exclusión, nos lotes que se sinalan, das seguintes empresas licitadoras, por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor (cláusula 9.1 PCAP):
 - a. Lote 2: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)
 - b. Lote 3: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) e Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276)
 - c. Lote 5: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) e Segursystem Europa, S.L. (CIF: B36562429)
2. Propor ao órgano de contratación a declaración de deserto do Lote 5 (Turismo Rías Baixas) por non acadar ningunha empresa das que optan á adxudicación do



contrato correspondente a este lote, o mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

3. *Propor ao órgano de contratación, en aras a garantir os principios de igualdade, obxectividade e transparencia que han de rexer toda contratación pública, que desista do procedemento de adxudicación do Lote 1 deste contrato polos motivos que se sinalan no informe do xefe de servizo de Contratación de data 10 de xuño de 2025 con CSV: JCVQA42T5ZXJHC8Y.*
4. *Aprobar a clasificación das ofertas presentadas, nos lotes 2, 3 e 4, polas empresas que concorren neste procedemento aberto, co seguinte detalle:*

CLASIFICACIÓN	LOTE 2	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)	18,00	28,90	46,90
CLASIFICACIÓN	LOTE 3	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)	29,00	29,72	58,72
CLASIFICACIÓN	LOTE 4	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)	19,00	65,00	84,00
2ª	Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276)	27,00	37,24	64,24
3º	Segursystem Europa, S. L. (CIF: B36562429)	17,50	23,68	41,18

5. *Propor ó órgano de contratación que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos lotes 2, 3 e 4 do referido procedemento aberto, ás seguintes empresas para cada un dos lotes, polos prezos e valores ofertados:*
 - a. *Lote 2: Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)*
 - b. *Lote 3: Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)*
 - c. *Lote 4: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)*

En base á delegación efectuada polo Pleno na sesión do día 31 de xaneiro de 2025, mediante Resolución Presidencial número 2025005088, de 17 de xuño de 2025 acéptase a proposta da Mesa de Contratación e requíreselle á empresa Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638), que presenta a mellor oferta para os Lotes 2 e 3, e á empresa Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175), que presenta a mellor oferta para o Lote 4, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

As empresas Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) e Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638) presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025046994 e WEB2025048407, de data 20/06/2025 e data 27/06/2025, e Rexistro entrada WEB



WEB2025048407, de data 27/06/2025 respectivamente), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes:

LOTE	EMPRESA	IMPORTE	CARTA DE PAGO (Nº OPERACIÓN)	DATA
2	Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)	19.071,55 €	12025000125166	01/07/2025
3	Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)	39.756,26 €	12025000125173	01/07/2025
4	Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)	1.995,00 €	12025000121688	23/06/2025

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato mediante acordo, que deberá ser motivado e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando o artigo 152 da citada Lei 9/2015, a desistencia do procedemento poderá acordarse polo órgano de contratación antes da formalización do contrato e deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun procedemento de licitación

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ACORDA:

1.- Excluir do procedemento de contratación ás seguintes empresas licitadoras de cada un dos lotes que se sinalan a continuación, por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor (cláusula 9.1 PCAP):



- a. Lote 2: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)
- b. Lote 3: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) e Servicios SPR Vilanova S.L. (CIF: B36597276)
- c. Lote 5: Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) e Segursystem Europa, S.L. (CIF: B36562429)

2.- Declarar deserto o Lote 5 (Turismo Rías Baixas) por non acadar ningunha empresa das que optan á adxudicación do contrato correspondente a este lote, o mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

3.- Desistir do procedemento de adxudicación do Lote 1 deste contrato, en aras a garantir os principios de igualdade, obxectividade e transparencia que han de rexer toda contratación pública, polos motivos que se sinalan no informe do xefe de servizo de Contratación de data 10 de xuño de 2025 (CSV: JCVQA42T5ZXJHC8Y) e que supoñen una infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación.

4.- Adxudicar os lotes 2, 3 e 4 do contrato de “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra” ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Lote 2: SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	381.431,01 €
IVE (21%):	80.100,51 €
Importe total ofertado:	461.531,52 €

2. Servizos extraordinarios. Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios: 12,62%

3. Plan de formación continua. A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas

Lote 3: SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	795.125,26 €
IVE (21%):	166.976,30 €
Importe total ofertado:	962.101,56 €

2. Servizos extraordinarios. Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios: 12,62%

3. Plan de formación continua. A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas



Lote 4: ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175)
1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	39.900,00 €
IVE (21%):	8.379,00 €
Importe total ofertado:	48.279,00 €

2. Servizos extraordinarios. Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios: 7,48%

3. Plan de formación continua. A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato (tendo en conta un 10 % adicional para servizos extraordinarios) para o ano 2025 financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial, e as do ano 2026 contabilizarase na correspondente aplicación, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización:

Anualidade	LOTE	CENTRO	Aplicación orzamentaria	Importe servizos ordinarios (con IVE)	Orzamento máximo servizos extraordinarios (con IVE)
2025	LOTE 2	Centro Príncipe Felipe	232.2312.227.01	320.519,77 €	32.051,98 €
		Centro de Vacacións A Lanzada	233.3370.227.01	10.694,08 €	1.069,41 €
	LOTE 3	Museo de Pontevedra	333.3330.227.01	693.864,15 €	69.386,42 €
		Arquivo Provincial	332.3322.227.01	1.616,07 €	161,61 €
	LOTE 4	Cooperación	942.4330.227.01	18.742,81 €	1.874,28 €
		Cooperación - CAS	942.4331.227.01	17.126,74 €	1.712,67 €
		Finca Mouriscade	410.4120.227.01	1.616,07 €	161,61 €
		Estación Fitopatolóxica Areeiro	413.4123.227.01	1.616,07 €	161,61 €



		<i>Centro Operativo Infraestructuras</i>	456.4530.227.01	1.616,07 €	161,61 €
2026	LOTE 2	<i>Centro Príncipe Felipe</i>	232.2312.227.01	160.259,88 €	16.025,99 €
		<i>Centro de Vacacións A Lanzada</i>	233.3370.227.01	5.347,04 €	534,70 €
	LOTE 3	<i>Museo de Pontevedra</i>	333.3330.227.01	346.932,08 €	34.693,21 €
		<i>Arquivo Provincial</i>	332.3322.227.01	808,04 €	80,80 €
	LOTE 4	<i>Cooperación</i>	942.4330.227.01	9.371,41 €	937,14 €
		<i>Cooperación - CAS</i>	942.4331.227.01	8.563,37 €	856,34 €
		<i>Finca Mouriscade</i>	410.4120.227.01	808,05 €	80,80 €
		<i>Estación Fitopatolóxica Areeiro</i>	413.4123.227.01	808,05 €	80,80 €
		<i>Centro Operativo Infraestructuras</i>	456.4530.227.01	808,05 €	80,80 €

O prazo de duración dos contratos correspondentes a cada un dos lotes será de 1 ano desde a data de formalización ou desde a data que se indique no contrato. Establécese a posibilidade de 3 prórrogas cunha duración máxima dun ano cada unha delas.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo responsable do contrato designado pola Deputación de Pontevedra, con periodicidade mensual.

Os importes a facturar mensualmente polas respectivas empresas adxudicatarias dos lotes adxudicados serán:

a) Servizo regular: o importe resultante de dividir o prezo de adxudicación do lote correspondente entre 12 meses (período de duración do contrato).

Lote 2:

O importe a facturar mensualmente distribuirase en 2 facturas diferentes:

- Centro Príncipe Felipe: imputaráselle o 96,77 % do importe mensual a facturar.
- Centro de Vacacións a Lanzada: imputaráselle o 3,23 % do importe mensual a facturar.

Lote 3:

O importe a facturar mensualmente distribuirase en 2 facturas diferentes:

- Museo de Pontevedra: imputaráselle o 99,77 % do importe mensual a facturar.
- Patrimonio Documental e Bibliográfico: imputaráselle o 0,23 % do importe mensual a facturar.



Lote 4:

O importe a facturar mensualmente distribuirase en 5 facturas diferentes:

- Viveiros de empresa: imputaráselle o 46,03% do importe mensual a facturar.
- Centro de Servizos e Apoio Empresarial: imputaráselle o 42,06% do importe mensual a facturar.
- Finca Mouriscade: imputaráselle o 3,97% do importe mensual a facturar.
- Estación Fitopatolóxica Areeiro: imputaráselle o 3,97% do importe mensual a facturar.
- Centro Operativo de Infraestruturas: imputaráselle o 3,97% do importe mensual a facturar.

b) Servizos extraordinarios: realizarase unha factura independente da emitida para o servizo regular, cuxo importe será o resultante de multiplicar o prezo/hora ofertado polo número de horas adicionais solicitadas pola Deputación de Pontevedra e efectivamente executas pola empresa adxudicataria durante o período mensual facturado. Para a realización dos servizos extraordinarios haberá que seguir o procedemento estipulado na cláusula 19 das condicións particulares do prego de cláusulas administrativas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Lote 2: Centro Príncipe Felipe e Centro de Vacacións de A Lanzada

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024043090	
Órgano xestor: Centro Príncipe Felipe: LA006112 C.V. A Lanzada: LA0029878	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135 5

Lote 3: Museo de Pontevedra e Arquivo

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024043090	
Órgano xestor: Museo Provincial: LA006116 Arquivo: LA006115	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 4: Cooperación, Finca Mouriscade, EFA e COI


Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024043090	
Órgano xestor: Cooperación: LA0006138 Finca Mouriscade: LA0006120 EFA: LA0006121 COI: LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:

Lote 2:

- Centro Príncipe Felipe: Xefatura de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe
- Centro Vacacións a Lanzada: Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico

Lote 3: Xefatura de Xestión do Museo

Lote 4: Xefatura do Servizo de Cooperación

5.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación, asinada con data 7 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación.

O resultado da votación foi o seguinte:



1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

4. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2025. (Exptes.- 2025052213 - 2025047677).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2025, asinada con data 21 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025000361, de data 20 de xaneiro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2025. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/25) por importe de 949.412,50 euros, suplementos de créditos (SUP.03/25) por importe de 619.979,76 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- *Crédito extraordinario (EXT. 04/25), fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, tal como se sinala no detalle do expediente.*
- *Os suplementos de créditos (SUP. 03/25), fináncianse por importe de 205.000,00 euros con baixas por anulación das aplicacións que se sinalan no detalle do expediente, correspondentes a sobrantes e baixas que non supoñen ningunha perturbación na prestación dos correspondentes servizos, e o resto con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.*



Resultando que a Intervención emite informe de data 21 de xullo de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/25) por importe de 949.412,50 euros e suplementos de créditos (SUP.03/25) por importe de 619.979,76 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios "EXT. 03/25":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
920-9200-452.00	COTAS SOCIO, FUNDACIÓNS AUTONÓMICAS_S. CENTRAL, (Fundación Galicia Europa, Cota 2025)	15.000,00 €
942-4250-652.15	INVESTIMENTOS XEST. CONCELLOS , PROX. RENOVABLES _COOPERACIÓN (PR-RENOINN-2024-000360 RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES I "Pazos de Borbén, Cerdedo - Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo, Valga")	194.130,00 €
942-4250-652.15	INVESTIMENTOS XEST. CONCELLOS , PROX. RENOVABLES _COOPERACIÓN (PR-RENOINN-2024-000362 RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II "Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, Illa de Arousa, Caldas, Campolameiro, As Neves")	215.807,50 €
942-4250-652.15	INVESTIMENTOS XEST. CONCELLOS , PROX. RENOVABLES _COOPERACIÓN (PR-RENOINN-2024-000364 RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III "Mondariz Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu, Sanxenxo")	199.800,00 €
942-4250-652.15	INVESTIMENTOS XEST. CONCELLOS , PROX. RENOVABLES _COOPERACIÓN (PR-RENOINN-2024-000142 +RENOVABLES I "Poio, Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín")	174.825,00 €
942-4250-652.15	INVESTIMENTOS XEST. CONCELLOS , PROX. RENOVABLES _COOPERACIÓN (PR-RENOINN-2024-000245 +RENOVABLES II "Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda, Vilaboa")	149.850,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	949.412,50 €



Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios, EXT. 04/25:

Fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...</i>	949.412,50 €
	Total ingresos...	949.412,50 €

2.- Suplementos de Crédito “SUP. 03/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-209.00	CANONES, PAGO POR USO _CENTRO P. FELIPE (Canon anual, parcelas propiedade da Comunidade de Montes V. e M. Común de Mourente)	84.613,64 €
232-2312-632.02	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS -MELLORAS _CENTRO P. FELIPE (Obra reforma e adecuación Centro Transformación, "cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno" nas instalacións eléctricas do Centro)	72.866,12 €
233-2310-227.07	PROXEC TOS E PROGRAMAS_ XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO, (Saúde Mental)	30.000,00 €
330-3340-479.01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAIS _CULTURA (Achega a "Nordesía Producións", "Mister Misto Production And Services" e "Samuel Diz Sierpes", para Galicia Clarinet Fest; VI Videafest 2025, e Música no Claustro, respectivamente)	21.500,00 €
333-3341-226.99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS _MUSEO (Proxecto 24_0019 Bienal de arte)	60.000,00 €
333-3341-227.99	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS _MUSEO (Proxecto 24_0019 Bienal de arte)	95.000,00 €
340-3410-489.01	A ENT. SEN FINS LUCRO, CAMPIONATOS E EVENTOS _ DEPORTES (Segunda convocatoria subvencións para a adquisición de bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra)	100.000,00 €
340-3410-489.02	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS _DEPORTES (Achegas á Real Federación Galega de Vela para desenvolvemento de proxecto Rías Baixas Sailing Week: 50.000,00€; o resto para outras necesidades do Servizo),	51.000,00 €
433-4320-489.01	TRANSFERENCIAS VARIAS, TURISMO (Achega favor da Asociación Amigos Capitulo Serenisimo do Albariño, para promoción D.O. Rías Baixas festa Albariño Cambados 2025)	10.000,00 €
920-9200-204.00	ARRENDAMENTO DE MATRIAL DE TRANSPORTES _SERVIZO CENTRAL (Aluguer vehículos Parque Móbil)	45.000,00 €
942-4590-789.07	A COMUNIDADES VECIÑALES, INVESTIMENTOS (PAC) _COOPERACIÓN (+AQUA E PROVINCIA COMUNITARIA)	50.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	619.979,76 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 03/25:

- A) *Parte do suplemento correspondente a programas de iniciativa social do Centro Xestor Xuventude e Reto Demográfico fináncianse con baixas da aplicación 25/233-2310-480.02, do mesmo Centro Xestor.*
- B) *Parte do suplemento da aplicación 25/333.3341.227.99_Traballos realizados por outras empresas (proxecto de gasto 24_0019), sinalase que un total de 24.000,00€ se financiarán con baixas por anulación na aplicación orzamentaria 25/333.3341.226.02 Publicidade e propaganda (proxecto de gasto 24_0019).*



- C) Os suplementos nas aplicacións do Centro Xestor “Deportes”, finánciase con baixas doutras aplicacións do Servizo cuxos créditos son reducibles sen minorar as prestacións previstas para este exercicio.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
233-2310-480.02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	-30.000,00 €
333-3341-226.02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA _MUSEO (Proxecto 24_0019 Bienal de arte)	-24.000,00 €
340-3410-226.20	GASTOS DE PROMOCIÓN E PATROCINIO_DEPORTES	-51.000,00 €
340-3410-479.01	A ENTIDADES CON FINS LUCRO, CAMPIONATOS E EVENTOS_DEPORTES	-100.000,00 €
	TOTAL...	-205.000,00 €

O resto dos suplementos fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Non obstante, hai que sinalar que no caso de ter que aplicar a Disposición Adicional 6ª referente ás inversións sostibles estarase ao disposto no artigo 32 da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira onde se establece que “no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso das corporacións locais, a reducir o nivel de endebedamento neto”.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos...	414.979,76 €
	Total ingresos...	414.979,76 €

Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	949.412,50 €
TOTAL SUPLEMENTOS...	619.979,76 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-205.000,00 €
SUMA...	1.364.392,26 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS



Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	1.364.392,26 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	1.364.392,26 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	1.364.392,26 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	239.613,64 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	67.500,00 €
Capítulo 6º Inwestimentos reais.	1.007.278,62 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	50.000,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	1.364.392,26 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	1.364.392,26 €

3.-Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

330_CULTURA

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330-3340-479.01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAIS CULTURA	141.500,00 €	
B-15547235	Nordesia Produccións, S.L.	10.500,00 €	Galicia Clarinet Fest
B-94173705	Mister Misto Production And Services, S.L.	6.000,00 €	VI Videafest 2025
35577887-S	Samuel Diz Sierpes	5.000,00 €	Música no Claustro

340_DEPORTES

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
340-3410-489.02	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS DEPORTES	1.370.000,00 €	
G36644862	Real Federación Galega de Vela	50.000,00 €	Rías Baixas Sailing Week

433_TURISMO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
433-4320-489.01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAIS CULTURA	310.120,00 €	
G94161189	ASOCIACIÓN AMIGOS CAPITULO SERENISIMO DO ALBARIÑO	10.000,00 €	PROMOCIÓN DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS FESTA ALBARIÑO CAMBADOS 2025



Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2025 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/25) por importe de 949.412,50 euros e suplementos de créditos (SUP.03/25) por importe de 619.979,76 euros, mais as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2025, asinada con data 21 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2025, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.



5. Adquisición onerosa dun dereito de uso sobre os terreos do Centro Príncipe Felipe, pertencentes ao monte veciñal Montecelo, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente. (Exptes.- 2025052488 – 2025045571).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a adquisición onerosa dun dereito de uso sobre os terreos do Centro Príncipe Felipe, pertencentes ao monte veciñal Montecelo, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, asinada con data 21 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica do Areeiro, cuxo contido é o seguinte:

“O Centro Príncipe Felipe é un servizo da Deputación de Pontevedra de carácter educativo e social, concebido para acoller e formar á mocidade en situación de risco ou exclusión social. Dito centro está situado na Avda. Montecelo (Pontevedra), e está conformado por unha parcela sobre a que se sitúan diferentes edificacións.

A Deputación de Pontevedra, a través do Centro Príncipe Felipe, pon a disposición entornas seguras que garanten o desenvolvemento e benestar das persoas menores, contando con tres centros de acollemento.

No complexo conviven outras entidades, tal como é o caso da Asociación de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos de Pontevedra Alba, que ven prestando a súa actividade no recinto dende o ano 1991, coa finalidade de favorecer una vida digna e plena das persoas con enfermidades mentais e as súas familias.

No ámbito educativo, a Deputación ten formalizados coa Consellería de Cultura Educación e Universidade da Xunta de Galicia, os correspondentes convenios de colaboración para a cesión de uso de espazos a favor desta última, e en base aos cales, veñen desenvolvendo a súa labor no Centro de Educación Especial de Pontevedra, no Centro de Educación Infantil e Primaria Daría González García e no Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza, localizados todos no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

Asemade, o Centro Príncipe Felipe conta con pavillón deportivo, campo de fútbol, residencia e auditorio, a disposición da Institución Provincial e dos terceiros interesados que así o soliciten.

Toda a actividade descrita anteriormente, en consideración da natureza do servizo que se presta desde o ano 1976, xunto cos equipamentos que conforman a instalación, fan que o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, se erixa como un verdadeiro elemento dinamizador, ao avaliarse a súa capacidade de promover a actividade social e educativa na Provincia de Pontevedra, cuestión cuxo último fin é o interese xeral.

Polo que respecta ó terreo onde se ubica o Centro Príncipe Felipe, fora cedido polo concello de Pontevedra á Deputación, mediante a cesión gratuíta da titularidade de dúas parcelas de 100.000 m² e 41.945 m², segregadas do monte “Montecelo” (cesións que



foron formalizadas en escrituras públicas de datas 14 de decembro de 1970 e de 12 de xuño de 1978 respectivamente). Sobre ditos terrenos, a Deputación construíu o complexo educativo da Cidade Infantil Príncipe Felipe, coas seguintes edificacións:

- Centro de Formación Profesional (nº inventario 1.1.00007)
- Edificio maternais e párvulos (nº inventario 1.1.000009)
- Edificio residencia fogar-oficina (nº inventario 1.1.000010)
- Edificio servizos comúns (nº inventario 1.1.000011)
- Edificio C.E.I.P. Daría Gonzalez García (nº inventario 1.1.000012)
- Edificio Centro de Educación Especial (nº inventario 1.1.000013)
- Vivendas de profesores (nº inventario 1.1.000015)
- Edificios de instalacións de gas, electricidade e bombas de auga (nº inventario 1.1.000016)
- Pavillón polideportivo (nº inventario 1.1.000017)

Posteriormente, no ano 2006, a superficie do terreo do Centro Príncipe Felipe viuse minorada pola segregación e cesión á Xunta de Galicia da parcela de terreo onde se localiza o Centro de Formación Profesional, e pola construción dos viais de acceso ao Centro Príncipe Felipe e ao Complexo hospitalario de Montecelo, tendo a actual da parcela ocupada polas instalacións do Centro Príncipe Felipe unha superficie de 109.606 m².

En data 28 de abril de 2022, o Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Pontevedra ditou sentenza nº 84/2022 recaída no Procedemento Ordinario nº 199/2020, pola que estimouse integramente a demanda formulada pola Comunidade de Montes Veciñais en Man común de Mourente fronte o concello de Pontevedra e a Deputación declarándose que as parcelas que foran inicialmente cedidas polo concello de Pontevedra á Deputación nos anos 70, son propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, por posuílas como parte inseparable e integrante do monte veciñal "Montecelo" desde tempo inmemorial, en réxime de aproveitamento colectivo, e sen especial asignación de cotas na forma prevista no art. 1 da Lei 13/89 de 10 de outubro. Dita sentenza foi ratificada pola Audiencia provincial de Pontevedra ao desestimar o recurso de apelación presentado pola Deputación de Pontevedra (sentenza nº 581/2023 de data 23 de novembro de 2023)

Á vista do exposto, e dado o interese da Deputación de Pontevedra en continuar coa prestación do servizo público que se realiza no Centro Príncipe Felipe, con data 15 de xuño de 2025, a Asemblea Xeral Ordinaria da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Mourente (en diante, CMVMC de Mourente) aprobou ceder á Deputación un dereito de uso sobre a referida parcela por tempo indefinido, ligado ao uso asistencial, educativo e cultural, e mediante o pagamento dun canon anual.

Visto que, con data 16 de xuño de 2025 (Rexistro entrada WEB2025045788), a CMVMC de Mourente presenta escrito no que certifica o seguinte:



“Que, segundo consta no Libro de Actas da Comunidade de Montes de Mourente, esta entidade celebrou a súa Asemblea Xeral Ordinaria o 15 de xuño de 2025, en segunda convocatoria por non terse acadado na primeira o quórum legalmente establecido, coa asistencia de 124 comuneiros e comuneiras dos 172 que constan no Censo de Comuneiros da Comunidade de Montes de Mourente.

Que na devandita asemblea acordouse aprobar por unanimidade dos presentes, sen ningún voto en contra nin abstención algunha, a cesión de uso á Deputación Provincial de Pontevedra da parcela de 109.606 m² do monte veciñal Montecelo actualmente ocupada polo Centro Asistencial Príncipe Felipe, nas condicións negociadas coa administración provincial, e nomeadamente por tempo indefinido ligado ao uso asistencial, educativo e cultural, a cuxo uso se destina a parcela obxecto de cesión, de xestión pública directa e integral, mediante o pagamento dun canon anual de 69.928,63 € (0,638 €/m²) + IVE, que se actualizará conforme ao parágrafo segundo do artigo 4 da Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española mediante un índice específico que será o índice de prezos de alugamento de oficinas, a nivel autonómico, publicado polo Instituto Nacional de Estatística, e en defecto da publicación deste índice aplicarase o índice de prezos de aluguer da vivenda do índice de prezos de consumo do INE a nivel provincial vixente á data de cada revisión. (...)”

Visto que, mediante Resolución Presidencial número 2025005168, de 18 de xuño de 2025, o deputado delegado da Área de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia, aproba incoar o expediente para a “Adquisición onerosa dun dereito de uso sobre os terreos do Centro Príncipe Felipe, pertencentes ao Monte veciñal Montecelo, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente.”

Visto que, con data 19 de xuño de 2025, a xefa de xestión do servizo, o Centro Príncipe Felipe, xunto coa deputada delegada da área, emite memoria xustificativa sobre a necesidade e idoneidade de aceptar a cesión, informando que desde a súa inauguración no ano 1976 ata a actualidade, pode considerarse un centro de referencia no ámbito educativo e social, tanto a nivel autonómico como estatal.

Visto que, con data 2 de xullo de 2025, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, emite memoria xustificativa sobre o procedemento a seguir para a pretendida adquisición do dereito de uso sobre a parcela, informando que o réxime xurídico deste contrato é o propio dun contrato privado suxeito á lexislación patrimonial, por tratarse dun negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Xustifícase a adquisición directa ao abeiro do artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, que permite acudir a este procedemento e base á especial idoneidade do ben.

Visto que consta no expediente informe de taxación dos terreos do Centro Príncipe Felipe e do canon anual, emitido por arquitecto-especialista en valoracións inmobiliarias e xestión do chan, colexiado núm. 11178 CSCAE 48.361.1, da empresa Eibisa Norte, S.L. (CIF: B15419906) en data 6 de maio de 2025, que conclúe co seguinte resultado:



<i>Superficie da cesión</i>	109.606 m ²
<i>Valor axustado final</i>	1.506.708,95 €
<i>Porcentaxe de gravame</i>	4,64 %
<i>Canon anual</i>	69.928,63 € (IVE excluído)
<i>Canon por m² (uso dotacional)</i>	0,638 €/m ²

O canon deberase incrementar coa aplicación do IVE (21%).

Tendo en conta que a Deputación de Pontevedra dispón de plena capacidade xurídica para adquirir toda clase de bens ao amparo do establecido no art. 5 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), art. 270 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), e art. 9 do Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Entre os modos de adquirir, o art. 15 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), de aplicación xeral, e o art. 10 do RBEL, establecen que as Administracións públicas poderán adquirir a título oneroso, con exercicio ou non da potestade de expropiación.

Tendo en conta o artigo 5 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, conforme ao cal os montes veciñais en man común, a pesar da súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, por obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da Comunidade de veciños, de acordo con as maiorías previstas no artigo 18.1. A cesión poderá ser por tempo indefinido en favor de calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia Comunidade, e en tanto se manteña o fin para o que foi feita a cesión.

Tendo en conta que, non existindo, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, normativa máis específica que a citada, que resulte de aplicación á adquisición de bens por parte dos entes locais da devandita Comunidade, resulta de aplicación supletoria o art. 116.4 da LPAP, segundo o cal a adquisición realizarase ordinariamente mediante concurso público ou procedemento de licitación restrinxida, permitindo acordar a adquisición directa en determinados supostos, entre os que se atopa a especial idoneidade do ben ou dereito, que se xustifica no presente caso de conformidade coa memoria emitida pola xefa de xestión do Centro Príncipe Felipe.

Visto que consta no expediente a documentación acreditativa da personalidade, capacidade e titularidade do inmovible da CMVMC de Mourente.

Visto o informe técnico-xurídico emitido pola xefatura do servizo de Contratación Facenda e Patrimonio que conta coa conformidade da Secretaría Xeral (CSV: 067TWU0QDZW7M05F) que conclúe: "(...) conclúese que se cumpren os requisitos legais para que o Pleno da Deputación aprobe, se o considera oportuno, a adquisición do



dereito de uso proposto, nos termos e condicións contidos no proxecto de acordo, garantindo así a estabilidade e a adecuada prestación do servizo público prestado polo Centro Príncipe Felipe”.

Tendo en conta o informe de Intervención, de data 21 de xullo de 2025 (CSV: EEUIQZP05H7VRYUS) , co seguinte resultado da fiscalización:

“(…) Á vista do exposto infórmase favorablemente a adopción do acordo de aprobación da cesión de uso obxecto do expediente, coas observacións e consideracións sinaladas, das que destacamos as seguintes

- Con carácter previo a aprobación do acordo de cesión recoméndase recadar á conformidade expresa da Comunidade ao clausulado co obxecto de evitar a tramitación posterior da modificación do acordo no suposto de desconformidade da Comunidade con algunha das cláusulas aplicables.*
- A eficacia do acordo condiciónase á aprobación e entrada en vigor da modificación orzamentaria correspondente, así como a existencia dunha resolución desestimatoria ou de inadmisión do recurso de casación interposto”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 10, faculta ao Pleno para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato; o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

*O Pleno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, **ACORDA:***

Primeiro.- *Aprobar a adquisición onerosa á Comunidade de Montes Veciñais en Man Comun de Mourente (CIF V36199321) dun dereito de uso sobre a parcela de terreo de 109.606 m² pertencente ó Monte veciñal “Montecelo” onde se ubica o Centro Príncipe Felipe delimitada no plano xeorreferenciado que consta no expediente (CSV: 4UO71T5B2CQCVP4X).*

Segundo.- *Aprobar o texto do “contrato de cesión onerosa dun dereito de uso sobre a parcela de terreo do monte veciñal “Montecelo” con destino ao Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” que consta no expediente (CSV: 9QIFE07C01ZMRCNV) no que se recollen as condicións da cesión do dereito de uso sobre a parcela, co seguinte teor literal:*

“CONTRATO DE CESIÓN ONEROSA DUN DEREITO DE USO SOBRE A PARCELA DE TERREO DO MONTE VECIÑAL “MONTECELO” CON DESTINO AO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA



Dunha parte:

D., con DNI nº

Intervén en nome e representación da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CIF P3600000H, con domicilio en Avda. Montero Ríos s/n - 36071 Pontevedra,

Doutra parte:

D., con DNI nº

Intervén en nome e representación da COMUNIDADE DE MONTES VECINAIS EN MAN COMÚN DE MOURENTE, CIF V36199321 con domicilio en

Actúa como fedatario público do presente contrato D.,

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a suficiente capacidade legal e representación para o outorgamento do presente CONTRATO DE CESIÓN DE DEREITO DE USO, e a tal efecto,

MANIFESTAN

I.- O Centro Príncipe Felipe é un servizo da Deputación de Pontevedra de carácter educativo e social concibido para acoller e formar á mocidade en situación de risco ou exclusión social e localízase na Avenida de Montecelo nº 12 (Mourete-Pontevedra).

Para levar a cabo a construción de dito centro educativo, o concello de Pontevedra cedeu gratuitamente á Deputación nos anos 1970 e 1978 dúas parcelas de 100.000 m² e 41.945 m², respectivamente, segregadas do monte "Montecelo". Ditas cesións formalizáronse en escrituras públicas de datas 14/12/1970 e 12/06/1978 respectivamente e foron inscritas no Rexistro da Propiedade como titularidade da Deputación (fincas rexistras 26.508 e 26.975 de Pontevedra).

II.- Mediante sentenza recaída no Procedemento Ordinario nº 199/2020 seguido ante o Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Pontevedra, declarouse que dita superficie -representada no plano nº 3 do informe pericial presentado coa demanda e realizado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Ángel Bravo Portela- é propiedade da Comunidade de Montes de Mourente, por tela vido posuíndo como parte inseparable e integrante do monte veciñal "Montecelo" dende tempo inmemorial, en réxime de aproveitamento colectivo e sen especial asignación de cotas na forma prevista no art. 1 da Lei 13/89 de 10 de outubro.

III.- Que a vista da situación creada pola resolución xudicial citada, e dado o interese da Deputación de continuar prestando o servizo público nas instalacións do Centro Príncipe Felipe, ambas as dúas partes están interesadas en formalizar un acordo para a cesión de uso da superficie dos terreos do monte "Montecelo" que actualmente ocupan as instalacións do Centro Príncipe Felipe.

IV.- Que o artigo 5 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, contempla a posibilidade de que os montes veciñais en man común, malia a súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuito, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de xeito principal no beneficio directo da Comunidade de Veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1. A cesión poderá ser por tempo indefinido a prol de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a prol da propia Comunidade, en tanto se manteña o fin para o que se faga a cesión.



No mesmo senso pronúnciase o artigo 5 do Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/89.

V.- Por outra banda, a Deputación de Pontevedra dispón de plena capacidade xurídica para adquirir toda clase de bens e dereitos ao abeiro do establecido no art. 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), art. 270 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), e art. 9 do Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL). Entre os modos de adquirir, o art. 15 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), de aplicación xeral, e o art. 10 do RBEL, establecen que as administracións públicas poderán adquirir a título oneroso bens ou dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico, con exercicio ou non da potestade de expropiación.

VI.- En base ao anterior, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente acordou en reunión da Asemblea Xeral celebrada o día 15 de xuño de 2025 ceder en uso á Deputación de Pontevedra a parcela de 109.606 m² do monte veciñal "Montecelo" na que actualmente se sitúa o Centro Príncipe Felipe detallada no plano do ANEXO 1 a cambio do pago dun canon anual.

Pola súa banda, o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o día [REDACTED] acordou aprobar a adquisición onerosa á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente (CIF V36199321) dun dereito de uso sobre a parcela de terreo de 109.606 m² pertencente ó Monte veciñal "Montecelo" onde se sitúa o Centro Príncipe Felipe detallada no plano do ANEXO 1

VII.- Tendo en conta o anterior, ambas as dúas partes conveñen no outorgamento do presente ACORDO DE CESIÓN DE USO ONEROSA sobre a porción de monte descrita no plano ANEXO 1, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto do presente CONTRATO DE CESIÓN ONEROSA DUN DEREITO DE USO a favor da Deputación Provincial de Pontevedra (en adiante cesionaria) por parte da COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE MOURENTE (en adiante cedente), da parcela cunha superficie de 109.606 m² do monte veciñal Montecelo delimitada no plano do ANEXO 1, nas condicións previstas nas cláusulas seguintes. A cesión formalizada supón a constitución dun **dereito real de uso** a prol da cesionaria.

SEGUNDA.- CONDICIÓN.

A cesión de uso a prol da Deputación Provincial de Pontevedra estará suxeita ás seguintes condicións:

- 1- A parcela descrita anteriormente deberá ser destinada de xeito permanente a un fin asistencial / educativo / deportivo / cultural.
- 2- As instalacións as que se refire a condición anterior deberán ser de xestión pública, aínda que a Deputación poderá facer cesións de uso de instalacións a entidades sociais sen ánimo de lucro ou contratos con empresas privadas unicamente de concesións de servizos internos do propio centro



3- A CESIONARIA queda facultada para realizar todo tipo de obras, instalacións, construcións, edificacións e melloras vinculadas ao destino de parcela, sempre que cumpra as dúas condicións anteriores.

4- O mantemento da cesión onerosa levará aparelado o pagamento do canon periódico acordado entre as partes.

TERCEIRA.- PRAZO.

A cesión do dereito de uso farase por tempo indefinido, sempre que se cumpran as condicións estipuladas na cláusula precedente, de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei 13/1989, de Montes Veciñais en Man Común, e artigo 5 do Decreto 260/1992, polo que se aproba o seu Regulamento de execución.

CUARTA.- PREZO.

O presente contrato de cesión do dereito de uso páctase con carácter oneroso, asumindo a Deputación Provincial de Pontevedra a obriga de aboar un canon anual por importe de 0,638 €/m² sobre unha superficie total de 109.606 m², máis o imposto sobre o valor engadido (IVE) de acordo co seguinte cálculo:

Superficie	Canon (€/m ²)	Importe sen IVE	IVE (21%)	Canon TOTAL
109.606 m ²	0,638 €/m ²	69.928,63 €	14.685,01 €	84.613,64 €

O pagamento do canon efectuarase anualmente mediante ingreso ou traspaso á conta corrente que sinale o representante legal da CMVMC de Mourente. O ingreso de cada anualidade producirase no mes de decembro do ano en que se produza o reporte.

O pagamento do canon correspondente ao ano da sinatura do presente acordo realizarase no mes de decembro e comprenderá a totalidade do ano.

A actualización do prezo será realizada conforme ao parágrafo segundo do artigo 4 da Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española mediante un índice específico que será o índice de prezos de alugamento de oficinas, a nivel autonómico, publicado polo Instituto Nacional de Estatística, e en defecto da publicación deste índice, aplicarase o índice de prezos de aluguer da vivenda do índice de prezos de consumo INE a nivel provincial vixente á data de cada revisión.

QUINTA.- Autorización de obras e instalacións necesarias e de servizos.

A COMUNIDADE DE MONTES de MOURENTE autoriza Á CESIONARIA a realizar nos terreos cuxo uso se cede, todas as instalacións ou construcións que sexan necesarias para o desempeño da actividade educativa/asistencial/deportiva/cultural a cuxo uso se destina a parcela obxecto de cesión, sempre que cumpra as condicións establecidas na cláusula segunda.

SEXTA.- Cobertura de danos derivados da actividade.

A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA asume a responsabilidade dos danos que se deriven do desenvolvemento da súa actividade que se causen ao monte veciñal ou a terceiros. A COMUNIDADE queda eximida de toda responsabilidade subsidiaria respecto dos danos que poidan ser responsabilidade da CESIONARIA.

SÉTIMA.- CESIÓN A TERCEIROS.



A entidade CESIONARIA non poderá realizar actos de cesión, disposición ou gravame, nin total nin parcial do seu dereito, sobre a parcela obxecto do presente contrato, sen contar coa previa autorización expresa e escrita da CMVMC de MOURENTE, que en todo caso percibirá a porcentaxe dun 10% das cantidades que a Deputación Provincial de Pontevedra cobre por ditos actos de cesión total ou parcial. No suposto de cesión parcial calcularase a referida porcentaxe en función da proporción que o obxecto de cesión representa sobre a totalidade da parcela.

Non obstante, dita autorización non será necesaria no suposto de que a cesión se realice a favor doutras Administracións públicas en cuxo caso a ENTIDADE CESIONARIA unicamente terá a obriga de comunicar expresa e fidedignamente dita cesión a ENTIDADE CEDENTE, subrogándose a ENTIDADE CESIONARIA en todos os dereitos e obrigas derivados deste contrato e pasando a aboar o canon vixente nese momento coas correspondentes actualizacións.

Igualmente a ENTIDADE CEDENTE autoriza o mantemento de todos os acordos e/ou contratos de cesión de uso que a ENTIDADE CESIONARIA ten realizado ata a presente data a prol doutras Administracións e entidades sen ánimo de lucro sobre a parcela obxecto de cesión.

OITAVA.- EFICACIA.

O presente contrato de cesión producirá efectos dende a data da súa sinatura, con efectos económicos desde o 1/01/2025 e manterase vixente por tempo indefinido, sempre que se cumpran as condicións estipuladas, de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 5 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de execución.

NOVENA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN.

O presente contrato extinguirase, ademais de polas causas legalmente previstas, polas seguintes causas:

- *Polo mutuo acordo das partes.*
- *Pola celebración doutro acordo para a satisfacción doutra finalidade de interese público ou utilidade social.*
- *Por desistencia de calquera das partes que deberá notificalo a outra parte con seis meses de antelación.*
- *Polo incumprimento grave das obrigas asumidas por calquera das partes intervinientes.*

A ENTIDADE CESIONARIA, no suposto de extinción do contrato por calquera destas causas deberá entregar a parcela á ENTIDADE CEDENTE libre de cargas e ocupantes.

No suposto de que os terreos obxecto do presente acordo foran destinados a un fin distinto do pactado, quedará totalmente extinguida a cesión de uso.

No suposto de que a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA decidise utilizar as instalacións construídas na parcela referida a outros fins de interese público distintos dos aquí establecidos, declararase extinguido o presente acordo e, no seu caso, procederase a negociar un novo acordo de cesión de uso.

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO.

*O seguimento do presente contrato realizarase por parte dunha **Comisión Mixta de Seguimento** que interpretará e velará polo cumprimento dos termos recollidos neste acordo, que estará composta por:*



- *Tres persoas en representación da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, unha das cales ostentará a Presidencia da comisión mixta, e terá voto de calidade para resolver os empates que poidan xurdir.*
- *Tres persoas en representación da Comunidade de Montes.*

Son funcións desta comisión mixta de seguimento:

- a) Velar polo cumprimento do acordo.*
- b) Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio, así como as actuación que requira o seu desenvolvemento e aplicación.*
- c) Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao acordo.*
- d) Acordar o procedente nos supostos de resolución ou calquera outro suposto de extinción do acordo, así como os efectos das súas consecuencias e os prazos para o cumprimento do acordado nestes supostos.*

A Comisión de Seguimento reunirase con periodicidade bienal. Tamén se reunirá por solicitude de calquera das partes, formulada cun mínimo de antelación de quince días, ou de corenta e oito horas se os temas a tratar así o requirisen pola súa urxencia ou necesidade. A Presidencia da Comisión realizará a convocatoria das reunións, fixará a orde do día e velará polo correcto desenvolvemento das sesións. De cada reunión levantarase Acta na que quede constancia dos acordos adoptados.

UNDÉCIMA.- GASTOS, IMPOSTOS E ARBITRIOS

Serán por conta da cesionaria todos os gastos, impostos e arbitrios que se deriven do presente acordo, así como aqueles que se deriven do exercicio do dereito real de uso da parcela cedida, excluído o I.B.I correspondente ao terreo en canto o mesmo é propiedade da Comunidade de Montes de Mourente. No suposto de que o presente acordo se eleve a escritura pública, tódolos gastos notariais, rexistrais e tributarios serán de conta da CESIONARIA.

DUODÉCIMA.- PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E COMUNICACIÓNS.

A sinatura deste acordo leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Deputación Provincial de Pontevedra poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outra especificación que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN E XURISDICIÓN.

O presente contrato queda sometido ás disposicións da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia; do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da citada Lei; aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse, de conformidade co expresamente previsto ao efecto no artigo 4 de dita Lei de contratos.

Finalmente, as controversias que se puideran presentar sobre a interpretación e cumprimento do presente contrato, que non poidan resolverse por mutuo acordo das partes no seo da Comisión Mixta de seguimento, resolveranse perante os tribunais da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.



ANEXO 1: PLANO DA SUPERFICIE DE TERRENO OBXECTO DA CESION



E para que así conste, subscriben o presente contrato na data de sinatura electrónica



Terceiro.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 84.613,64 euros correspondente ó canon anual da cesión do dereito de uso da anualidade 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.20900 do vixente Orzamento provincial, condicionado á aprobación definitiva da correspondente modificación de crédito (suplemento de crédito), que se está a tramitar conxuntamente con este expediente.

As obrigas económicas que resulten do presente acordo de cesión para os anos 2026 e seguintes quedarán condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

Cuarto.- Dar de alta no Inventario Xeral de Bens e Dereitos provincial o dereito de uso, no epígrafe correspondente, unha vez formalizado o citado contrato de cesión onerosa do dereito.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a adquisición onerosa dun dereito de uso sobre os terreos do Centro Príncipe Felipe, pertencentes ao monte veciñal Montecelo, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, asinada con data 21 de xullo de 2025 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica do Areeiro.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (11)**, sendo (9) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a adquisición onerosa dun dereito de uso sobre os terreos do Centro Príncipe Felipe, pertencentes ao monte veciñal Montecelo, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupos provinciais do Partido Popular e do BNG, e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE.



6. *Proposición da Presidencia para solicitar que a Deputación forme parte do Padroado da Fundación Galicia Europa. (Expte.- 2025052475 -2025028636).*

O Presidente da Deputación de Pontevedra, D. Luis López Diéguez, asinou o día 21 de xullo de 2025 unha proposición para solicitar ao Pleno que adopte un acordo para que a Deputación forme parte do Padroado da Fundación Galicia Europa, cuxo contido é o seguinte:

“A Fundación Galicia Europa ten por finalidade, segundo se establece no art. 6 dos seus Estatutos, “o fortalecemento institucional de Galicia, o fomento da súa economía social e produtiva e a promoción de todas aquelas accións que, respectando as disposicións legais existentes, fomenten o achegamento de Galicia á realidade europea, defendendo os seus intereses perante as institucións comunitarias e difundindo os valores europeos entre a sociedade galega”.

A Deputación de Pontevedra formou parte como membro do seu Padroado, aínda que, debido ás circunstancias económicas do momento, deixou de pertencer á mesma, segundo o acordado en sesión plenaria de data 30 de decembro de 2011.

A importante labor que desenvolve a Fundación no acompañamento ás entidades galegas ante as Institucións europeas no seguimento das políticas comunitarias, na formación en asuntos europeos e na difusión de oportunidades de financiamento fai que consideremos que formar de novo parte do Padroado da Fundación, permitiríanos aproveitar de maneira máis eficaz estes recursos, ao tempo que se contribuíría a reforzar a dimensión territorial do traballo que realiza a citada Fundación.

Desta maneira, contar co apoio técnico e estratéxico da Fundación Galicia Europa permitiríanos dar un paso adiante na nosa acción institucional nestes eidos, fortalecendo a nosa capacidade de acceso a programas europeos, de establecer redes de colaboración e de anticipar tendencias normativas que afectan directamente ás entidades locais.

Por todo elo, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1. A Deputación de Pontevedra acorda solicitar a Fundación Galicia Europa formar parte da mesma como membro do seu Padroado, designando como representante da mesma ao seu Presidente ou deputado provincial en quen delegue.*
- 2. Manifestar a conformidade cos compromisos e obrigas recollidos nos seus Estatutos, os cales se aproban de feito expreso.*
- 3. Acordar a aprobación do aboo da cota anual por importe de 15.000 €, condicionada á aprobación polo Pleno do expediente de modificación de créditos número 4/2025, onde figura un crédito extraordinario na aplicación 920.9200.452.00 por dito importe.”*



Sometida a votación a proposición da Presidencia para solicitar que a Deputación forme parte do padroado da Fundación Galicia Europa, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dúas (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposición da Presidencia para solicitar que a Deputación forme parte do padroado da Fundación Galicia Europa, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

7. *Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para instar a Deputación a que esixa á Xunta de Galicia a mellora do transporte interurbano e metropolitano na provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025052892).*

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 21 de xullo de 2025 co número de rexistro WEB2025053676 unha moción para instar a Deputación a que esixa á Xunta de Galicia a mellora do transporte interurbano e metropolitano na provincia de Pontevedra, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR A DEPUTACIÓN A QUE ESIXA Á XUNTA DE GALICIA A MELLORA DO TRANSPORTE INTERURBANO E METROPOLITANO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do transporte público por estrada en Galicia é un dos exemplos máis evidentes de mala xestión por parte da Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular durante as dúas últimas décadas. A realidade que viven a diario milleiros de persoas que dependen deste servizo é dramática: autobuses que non chegan, horarios imposibles, frecuencias eliminadas e conexións territoriais descoordinadas.



Todo isto nun contexto no que a Xunta presume dun Plan de Transporte que, lonxe de solucionar os problemas estruturais, ten agravado o illamento e a desigualdade de acceso a servizos básicos no medio rural.

Así o recolle o Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia (2023), no que se destacan fallos moi graves no control, seguimento e avaliación do servizo:

- Falta dun sistema efectivo de control sobre as concesionarias: a Xunta non implementou sistemas de indicadores claros e operativos para garantir a calidade e cumprimento das concesións.*
- Ausencia de control ambiental e de eficiencia dos vehículos: non se fixeron auditorías nin inspeccións sobre o impacto ambiental da frota, a pesar de tratarse dun servizo público que debería estar en liña cos obxectivos da Axenda 2030.*
- Concentración empresarial e escasa concorrència nas concesións: máis do 40% dos contratos foron outorgados a UTES nas que predomina unha única empresa, como o grupo TRANSMONBUS, favorecendo prácticas contrarias á libre competencia.*
- Un sistema de inspección débil e reactivo, incapaz de sancionar incumprimentos graves, como a deixación de pasaxeiros en estacións ou a supresión de liñas sen aviso previo.*
- Descontrol nos fondos COVID: o informe evidencia unha xestión opaca e sen criterios claros na asignación dos fondos extraordinarios recibidos para manter o servizo durante a pandemia .*

A Xunta de Galicia impulsou ademais o chamado Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG) como reacción á sentenza do Tribunal Supremo de 2016 que anulaba as prórrogas irregulares das concesións vixentes. A resposta foi improvisada: contratos adxudicados de urxencia, sen diálogo cos concellos e sen garantías de continuidade. Este plan, lonxe de supor unha modernización do sistema, provocou máis caos e desconexión territorial.

Esta realidade afecta con especial dureza aos concellos pequenos, onde o transporte público é esencial. En Baiona, por exemplo, o Concello viuse obrigado a incluír no seu propio orzamento partidas específicas para cubrir servizos mínimos: 36.000 € en 2023, recortados a 15.000 € en 2024, e que agora se ven forzados a volver subir a 25.000 €. Un claro exemplo de asunción de competencias impropias ante o abandono da Xunta.

Mentres tanto, os gobernos do PP tanto na Xunta como na actual Deputación gardan silencio. Os concellos gobernados polo PP ven a súa voz apagada ante o medo a confrontar cos seus compañeiros de partido. Todo isto mentres os datos e os titulares falan por si sós: liñas suprimidas, usuarios tirados, falta de marquesiñas, imposibilidade de renovar bonos en papel ou presencialmente e un sistema absolutamente hostil para maiores e xente sen acceso dixital.

A realidade demostra que os gobernos locais e provinciais liderados polo PSdeG-PSOE actuaron con responsabilidade: fomentando mesas de diálogo co tecido local,



establecendo sistemas de seguimento e asumindo medidas concretas para garantir o servizo. Cómpre seguir nesa liña.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a corrixir de inmediato as deficiencias estruturais do servizo de transporte interurbano, aplicando as recomendacións do Consello de Contas e revisando de forma urxente os contratos en vigor.*
- 2. Reclamar un sistema de inspección reforzado, con criterios claros e medibles, sancións ás empresas concesionarias incumplidoras e publicación anual de indicadores de calidade, ambientais e sociais.*
- 3. Solicitar á Deputación de Pontevedra que impulse unha comisión mixta de traballo con concellos e Xunta para a avaliación das necesidades de mobilidade nos concellos pequenos e intermedios, con especial atención ás conexións esenciais para acceder a servizos básicos.*
- 4. Instar á Xunta de Galicia a manter o sistema de bonificacións e tarifas sociais unha vez finalizadas as axudas estatais, evitando a exclusión dos colectivos máis vulnerables.”*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para instar a Deputación a que esixa á Xunta de Galicia a mellora do transporte interurbano e metropolitano na provincia de Pontevedra, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
- 2. Votos en contra: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 3. Abstencións: (2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para instar a Deputación a que esixa á Xunta de Galicia a mellora do transporte interurbano e metropolitano na provincia de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.



8. *Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para solicitar ao Goberno Central que explique a que está esperando para desbloquear a situación da dragaxe do río Lerez. (Expte.- 2025052915).*

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 21 de xullo de 2025 co número de rexistro WEB 2025053681 unha moción para solicitar ao Goberno Central que explique a que está esperando para desbloquear a situación da dragaxe do río Lerez, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DE SOLICITUDE AO GOBERNO CENTRAL PARA SOLICITAR O GOBERNO CENTRAL QUE EXPLIQUE A QUE ESTÁ ESPERANDO PARA DESBLOQUEAR A SITUACIÓN DA DRAGAXE DO RÍO LÉREZ, QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a seguinte proposta que trae a súa causa na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dragaxe do río Lerez, é unha das principais reivindicacións da cidadanía de Pontevedra desde hai décadas, xa que é unha actuación de gran importancia estratéxica para o futuro da ría de Pontevedra, ademais de que vai supor unha mellora da navegabilidade e do estado ecolóxico do estuario. Dita actuación contribuirá tamén ao desenvolvemento económico e á potenciación das actividades portuarias e marítimas na ría pontevedresa.

Dende o ano 2021, esta actuación atópase bloqueada polo Ministerio de Transición Ecolóxica, xa que prohibiu a vertedura de áridos no punto exterior de Sálvora, paralizando así a dragaxe, non só do río Lerez, senón tamén de todas as dragaxes do litoral galego ao sur de Muros.

Dende a Xunta de Galicia xa se estivo reclamando do Ministerio a autorización dun novo punto de depósito dos áridos que se extraían desta obra e que permita desbloquear, dunha vez por todas, a dragaxe do río Lerez, unha obra demandada historicamente polas confrarías da ría, o Club Naval, o Concello de Pontevedra e por acordo unánime do Parlamento de Galicia.

O Goberno galego ten consignada para este ano unha partida orzamentaria de 3M€ para a execución da dragaxe do río Lerez, pero para poder executar dita partida, é necesario que o Ministerio determine o punto de depósito dos áridos.

O pasado 11 de abril pasado Portos de Galicia remitiu ao Ministerio o informe do CEDEX, (organismo que depende do propio Ministerio), para non perder máis tempo e así, poder poñer canto antes o informe a disposición da Administración Xeral do Estado para que o



Ministerio exerza a súa competencia e autorice un punto de vertido para as dragaxes que permita á Xunta retomar a tramitación da dragaxe do Lérez.

Este informe técnico, asinado polo CEDEX, - organismo de maior prestixio técnico en materia de dragaxes a nivel estatal e dependente da Administración Xeral do Estado-, recolle textualmente que a zona E8, tras Sálvora, debe considerarse a “alternativa prioritaria” para as dragaxes das Rías Baixas.

Polo tanto, os técnicos validan o punto de vertido que era o que xa se viña utilizando e que xa fora autorizado no seu día tamén polo Goberno central, e que de maneira unilateral o Ministerio de Transición Ecolóxica decidiu clausurar en 2021 sen aportar alternativa algunha que permitise continuar avanzando na dragaxe.

Unha vez que o Ministerio conta co informe técnico que requeriu e dado precisamente o seu carácter técnico, entendemos que a autorización dos puntos de vertido que se sinalan en dito informe debería ser un trámite inmediato. Porén a día de hoxe aínda non temos coñecemento de que se teña autorizado o punto de vertido para a dragaxe do Lérez.

Ademais, asistimos con preocupación ás declaracións do Secretario de Estado de Medio Ambiente e número 2 do Ministerio de Transición Ecolóxica e outras fontes do mesmo departamento que contradín o informe dos técnicos do seu propio Ministerio ao asegurar que non considera que o punto E8 sexa a zona axeitada para o depósito dos áridos e desliza a posibilidade de aludir agora a outros criterios diferentes aos técnicos para non autorizar o vertido nos puntos que establece o CEDEX.

Entendemos que esta situación avanza un escenario moi preocupante que podería poñer en risco a execución urxente desta obra que ten carácter absolutamente prioritario para o sector marítimo portuario da ría de Pontevedra e a propia cidadanía pontevedresa.

PROPOSTA DE ACORDOS

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

- Reclamar ao Ministerio explicación polas declaración do Secretario de Estado que contradín o informe dos técnicos do seu propio Ministerio dos puntos de dragaxes validados no informe do CEDEX, que da resposta precisamente ao requerimiento do propio Ministerio.*
- Solicitar ao Goberno central que informe se xa teñen un novo punto de verteduras dos áridos que se extraian do dragaxe do río Lérez, e en caso contrario, a que está a esperar o Ministerio para autorizar un novo punto de depósito dos áridos que permita reactivar a tan necesaria dragaxe.”*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular para solicitar ao Goberno Central que explique a que está esperando para desbloquear a situación da dragaxe do río Lérez, obtívoase o seguinte resultado:



1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dúas (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular para solicitar ao Goberno Central que explique a que está esperando para desbloquear a situación da dragaxe do río Lérez, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

9. *Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2025. (Exptes.- 2025052265 - 2025049331).*

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xuño de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 15 de xullo de 2025, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xuño de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XUÑO 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xuño	13,5800000000	3.045.628,25	8,1100000000	2.039.217,62	11,3863208470
Escola de Enfermería	Xuño	7,0000000000	2.469,73	0,0000000000	0,00	7,0000000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Xuño	6,2500000000	45.226,81	0,0000000000	0,00	6,2500000000
Consorcio Deza Tabeiros	Xuño	11,5800000000	17.644,51	9,0100000000	3.799,04	11,1246867333
TOTAL			3.110.969,30		2.043.016,66	11,3380586279

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a proveedores correspondente ó mes de xuño de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a proveedores das Administracións Públicas.



10. Dar conta do informe da Intervención sobre o cumprimento durante o 2º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (Exptes.- 2025052277 – 2025050672).

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 2º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 15 de xullo de 2025, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 2º trimestre de 2025, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2025

1. Con referencia á data de conformidade da factura;

➤ **Pagos realizados:**

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fora Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	21	3.251	8.939.521,23 €	149	3.228.733,08 €
Escola de Enfermería	4	10	11.177,87 €	0	0,00 €



Consortio Provincial	8	165	113.651,21 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	7	67	37.699,37 €	0	0,00 €

➤ *Facturas pendentes de pago:*

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fora Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	10	606	2.015.431,92 €	14	23.785,70 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	9	10	3.799,04 €	0	0,00 €

2. *Intereses de demora pagados*

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido."

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consortio Contraincendios Deza Tabeirós, durante o segundo trimestre de 2025, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

11. Dar conta da Resolución Presidencial número 2025005438 de data 25 de xuño de 2025 relativa á aprobación do Plan de acción provincial 2025 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2024. (Exptes.- 2025052295 - 2025047216).



O Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 25 de abril de 2025, tomou coñecemento do informe elaborado pola Intervención, con data 27 de marzo de 2025, correspondente o resumo do control interno do exercicio 2024, no que figuraban unha serie de propostas de medidas de corrección e melloras.

O artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, establece que lle corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe da Intervención.

Por Resolución Presidencial número 2025005438 de data 25 de xuño de 2025 resolveuse aprobar o Plan de Acción Provincial derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2024, cuxo contido é o seguinte:

“O Presidente en virtude das competencias legalmente atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o informe resumo dos resultados de control interno no exercicio 2024 elaborado pola Intervención Provincial en data 27/03/2025 e a proposta de medidas de corrección e mellora incluídas no referido informe.

Considerando que segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017 corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe da Intervención.

Á vista do exposto, RESOLVO:

Primeiro. *Aprobar o Plan de acción 2025 de conformidade co seguinte:*

I. Consideracións xerais.

Segundo o disposto nos artigos 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 37 do Real Decreto 424/2017, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do exercicio da función de control interno, nas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control de eficacia. Dito informe será obxecto de dación de conta ao Pleno e remisión a IGAE no primeiro cuadrimestre de ano.

No prazo de tres meses desde a dación de conta ao Pleno do informe resumo, a Presidencia da Corporación elaborará un plan de acción que determine as medidas a



adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros ou incumprimentos que se poñan de manifesto no informe (artigo 37 do Real Decreto 424/2017).

Con data 27/03/2025 emitiuse o Informe resumo da Intervención Provincial dos resultados do control interno no exercicio 2023 (con remisión a IGAE o 27/03/2025 e dación de conta ao Pleno en sesión ordinaria de data 25/04/2025).

Tomando como base as conclusións e recomendacións recollidas no Informe da Intervención elabórase o presente plan de acción.

Como sinalouse nos plans anteriores, a formulación do plan de acción debe adecuarse a criterios realistas, de xeito que a súa formulación vén necesariamente condicionada polo prazo de execución real, que abrangue desde a data de aprobación do plan ata finais de ano, e polos medios dispoñibles. Así mesmo, a elaboración do plan debe encadrarse nun escenario plurianual que permita dar continuidade aos proxectos iniciados en plans anteriores e incrementar o ámbito de actuación a medida que se vaian cumprindo fitos e obxectivos, de xeito que se acade unha planificación coherente e, aínda que con esforzo, realizable.

Por Resolución Presidencial do 19/07/2021 (con dación de conta ao Pleno en sesión de data 30/07/2021) aprobouse o primeiro plan de acción provincial. O plan de acción 2021 articulouse en torno a un obxectivo prioritario que é a modernización da xestión económico–financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra, como peza clave para acadar da maneira máis eficiente e coas maiores garantías a implantación dunha administración electrónica avanzada, e plenamente integrada. Esta actuación deseñouse nunha programación plurianual estruturada en tres etapas, unha primeira de planificación, deseño e elaboración dos documentos preparatorios da contratación dos novos sistemas. Unha segunda, de contratación e implantación do modelo, e unha terceira de posta en marcha dos novos sistemas de información.

No ano 2023 iniciáronse os traballos de revisión, parametrización e integración dos novos sistemas de contabilidade e xestión patrimonial, finalizándose os traballos de migración e posta en marcha dos novos sistemas no mes de maio de 2025, de xeito que o peche de exercicio e liquidación desta anualidade realizárase na nova aplicación.

A execución desta actuación permite acadar o cumprimento deste proxecto plurianual, dando paso a definición e proposta de novas actuacións.

Á vista do exposto e sen prexuízo do interese na totalidade de propostas de actuacións da Intervención, propoñemos novamente unha planificación centrada no avance e modernización dos sistemas de xestión co obxectivo de incorporar os avances tecnolóxicos, incrementar a dixitalización e tramitación electrónica integral dos expedientes.

II. ACTUACIÓNS PROPOSTAS.

1. Modernización da xestión económico–financeira e patrimonial da Deputación Provincial de Pontevedra

Unha das principais recomendacións dos informes resumo do control interno elaborados pola Intervención Provincial dos últimos anos refírese á necesaria modernización e



implantación dunha tramitación administrativa integral, eficiente e plenamente integrada ou interrelacionada.

Unha limitación importante para a consecución deste obxectivo, viña dada polas propias limitacións do programa contable, que limitaba a implantación dunha xestión electrónica integrada.

A estes efectos, os Plan anuais dos anos anteriores centráronse na consecución deste obxectivo, que articulado en varias fases finalizou na súa parte esencial no mes de maio do ano en curso coa implantación dos novos sistemas de contabilidade e de xestión patrimonial.

O proceso de implantación resultou complexo pola necesidade de integración cos programas xestores e complicacións que xurdiron durante o proceso migratorio. Unha vez implementados os novos sistemas resta por executar a configuración da vinculación dos sistemas de contabilidade e de xestión patrimonial, así como avanzar e resolver problemas de funcionamento e de integración.

2. Desenvolvementos da sede electrónica

A esixencias de transparencia e modernización das Administracións Públicas inclúen a implementación de sistemas que faciliten o acceso cidadán á documentación administrativa para coñecer o estado de tramitación nos expedientes nos que se teña a consideración de interesado. Estímase conveniente incrementar o grao de transparencia e accesibilidade establecendo canles de consulta de fácil manexo e entendibles polos usuarios. No ámbito tributario, os terceiros poden coñecer a súa situación debedora respecto dos recursos xestionados polo ORAL a través da oficina virtual, propoñéndose ampliar o ámbito de información á posición acreedora.

3. Desenvolvementos do xestor (CIVIDAS)

Unha das principais demandas dos servizos a efectos de xestión é a implantación dun xestor de tarefas que permita a comunicación e solicitude de trámites entre servizos así como a asignación interna de tarefas, seguimento e configuración de alertas. Así mesmo, urxe completar a tramitación electrónica de expedientes como os correspondentes a sesión de órganos colexiados e avanzar no grao de dixitalización e automatización de determinados procedementos e/ou documentos, como paso previo para o estudo e implantación de ferramentas de intelixencia artificial.

4. Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas.

Os sistemas de xestión de persoal nas administracións públicas son ferramentas vitais para a administración de recursos humanos, desde a selección e contratación ata a xestión de nóminas, o desenvolvemento profesional, a elaboración de orzamentos e o control de incidencias. Estes sistemas permiten unha xestión eficiente do persoal, optimizando os procesos e facilitando a toma de decisións.

O nivel actual de complexidade das grandes entidades require plataformas de xestión integrais que inclúan e coordinen a información e se integren cos xestores de expedientes e contabilidade, aumentando así a eficacia e a eficiencia da xestión.

Tendo en conta o tamaño do persoal desta entidade, a alta rotación laboral, así como a diversa gama de incidencias (complementos salariais variables, desprazamentos,



diferentes quendas/horarios, etc.), os beneficios de ter un sistema de xestión integral máis avanzado son significativos, aínda que estas circunstancias engaden complexidade ao proceso de cambio.

III. DETALLE DAS ACTUACIÓNS E PLANIFICACIÓN.

As actuacións propostas teñen por obxecto avanzar na modernización dos sistemas de xestión da Deputación para dar cumprimento ás maiores esixencias de eficiencia, transparencia e servizo ao cidadán. O volume de recursos xestionados, programas, liñas de subvención e proxectos esixen avanzar no grao de dixitalización con implantación de ferramentas de xestión que permitan a coordinación e integración dos diferentes sistemas.

Estes cambios supoñen un proceso complexo para a organización, tanto desde un punto de vista económico como de implementación, que debe abordarse de xeito global, integrado e con perspectivas de futuro.

3.1. Sistema de xestión económico–financeira da Deputación Provincial de Pontevedra.

Coa posta en marcha dos novos sistemas pode darse por finalizada a programación prevista nos anteriores Plans, pendente de executar no 2025 a configuración do enlace da contabilidade co programa de inventario, así como a revisión e mellora de integración dos sistemas e a corrección dos erros ou problemas de funcionamento.

A vinculación entre ambos sistemas executarase a través do xestor de expedientes, de xeito que os centros xestores unha vez tramitada a alta da ficha de inventario, poidan vincular as facturas/certificacións co ben inventariado a través de CIVIDAS.

Deste xeito se plantea un sistema de xestión patrimonial descentralizado o que atinxe á proposta de altas e baixa e tramitación das facturas/certificacións vinculadas cos bens inventariados, sen prexuízo da supervisión, con efectos vinculantes, das propostas de alta e baixa por Patrimonio.

En tanto este proceso non este desenvolto e en funcionamento realizarase unha conciliación coa periodicidade que se estime conveniente e con carácter mínimo anual dos movementos contables do capítulo 6 coas altas/baixas/modificacións rexistradas no inventario referido ao ano 2025 e posteriores.

Por outra banda, as dificultades e problemas xurdidos no proceso migratorio aconsellan un estudo previo das principais incidencias que poden xurdir no primeiro peche e apertura coa nova contabilidade. A efectos de reducir os inconvenientes e atrasos derivados de incidencias no peche resulta recomendable realizar unha simulación do peche no segundo semestre do ano en curso.

No que atinxe aos Consorcios e Escola de Enfermería, a efectos de completar o círculo de tramitación cómpre implementar a descarga automatizada das facturas de FACE ao rexistro contable.

- *Actuación: Enlace sistemas de contabilidade e de xestión patrimonial, revisión do funcionamento do sistema contable e implantación da descarga das facturas de FACE nos rexistros contables de facturas das entidades adscritas e dependentes.*



- Estas tarefas desenvolverase polo Servizo de Novas Tecnoloxías coa colaboración da Intervención provincial e Patrimonio.
- Prazo de execución: 2025.

3.2. Conciliación contabilidade - patrimonial

Un dos obxectivos da posta en marcha dos novos sistemas de xestión económico e patrimonial é o de acadar a conciliación do patrimonio inventariado coa contabilidade. A falta de concordancia entre o inventario patrimonial e contable é unha situación habitual no ámbito local, e que esixe importantes esforzos e dedicación para solventalas. Desde que o Tribunal de Contas evidenciase esta situación no informe de Xestión do Patrimonio Inmobiliario das Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares (2018), a Deputación de Pontevedra vén traballando para a súa corrección. A estes efectos aprobáronse unas manuais de xestión, implementouse o novo aplicativo, pendente de integración coa contabilidade e co xestor, propoñéndose como obxectivo acadar a conciliación dos movementos patrimoniais rexistrados no ano 2025 e exercicios posteriores.

Así mesmo, prevese o inicio das actuacións para a contratación dunha asistencia técnica que colabore na execución dos traballos de conciliación entre ambos sistemas referenciada a 31/12/2024, de xeito que una vez finalizados se poida dar pleno cumprimento ao obxectivo de conciliación do inventario patrimonial coa contabilidade de xeito global. Considerando as limitacións de dotacións de medios a execución desta actuación prevese para o período 2025 – 2026.

- Actuación: Conciliación dos inventarios contable e patrimonial.
- Esta tarefa desenvolverase por Patrimonio coa colaboración da Intervención provincial.
- Prazo de execución: 2025 – 2026.

3.3. Desenvolvementos no xestor de expedientes (CIVIDAS)

Co obxecto de seguir avanzando na dixitalización e tramitación electrónica dos expedientes, resulta necesario acometer traballos de desenvolvemento que faciliten a comunicación e coordinación entre os diferentes servizos implicados na xestión, así como simplificar e/ou automatizar determinadas tarefas, como paso previo ao estudo e implantación de ferramentas de intelixencia artificial.

As esixencias neste ámbito son múltiples e inabarcables no curto prazo, polo que optase por incorporar ao Plan as actuacións previstas para 2025 – 2026, que unha vez finalizadas deben dar paso a outros proxectos que deben ser abordados tan pronto como a dispoñibilidade de medios o permita (Exemplo: módulo de certificacións, xestión de ingresos, xestión do Boletín, xestión de contratación,...).

- Prazo de execución: 2025/2026.
- Actuacións:

Sistema de xestión de tarefas



Os xestores de tarefas constitúen ferramentas fundamentais para a optimización dos procesos e mellora da eficiencia, facilitando a colaboración e mellorando a comunicación.

A práctica totalidade de expedientes xestionados por esta Deputación implican a diferentes servizos, si ben a incoación ou o impulso dos procedementos corresponde aos centros xestores, existe servizos transversais como Contratación, Recursos Humanos, Secretaría e Intervención que deben intervenir en algún momento da tramitación. Dispor dun xestor de tarefas que permita a comunicación entre os servizos, a asignación das tarefas dentro de cada servizo, a identificación a persoa á que se asignou o trámite, estado (pendente, activo, finalizado ou devolto), tempos de tramitación, nº de devolucións, ... resulta fundamental para axilizar a tramitación, así como ferramenta de control e de avaliación en termos de eficacia e eficiencia a nivel global (servizo) e individualizado, constituíndo así unha ferramenta clave para a xestión do teletraballo.

Esta tarefa desenvolverase polo Servizo de Novas Tecnoloxías.

Desenvolvemento dos expedientes de “ÓRGANOS COLEXIADOS”

Desenvolvemento en CIVIDAS do expediente correspondente coas sesións dos diferentes órganos colexiados (Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas) automatizando á incorporación dos asuntos, formación do expediente de cada sesión e incorporación aos expedientes de orixe dos certificados dos acordos adoptados.

Esta tarefa desenvolverase polo Servizo de Novas Tecnoloxías.

Operacións automatizadas

O grao de avance e desenvolvemento na automatización de trámites esixe a incorporación de operacións ou documentos contables con firma automatizada. A estes efectos prevese a automatización da sinatura de certificados e operacións contables dos expedientes de relacións, con posibilidade de ampliación de trámites e expedientes a medida que se avance na configuración e deseño dos procedementos.

Esta tarefa desenvolverase polo Servizo de Novas Tecnoloxías e a Intervención provincial.

Expedientes de subvencións.

O desenvolvemento do xestor acadado nos ultimas anos mellorou e facilitou a tramitación en moitos procedementos, permitindo a dixitalización e tratamento de datos, o avance de trámites así como a xeración dos documentos contables desde o propio expediente. A simplificación dos procesos esixe un maior grao de avance na dixitalización, definición de automatismos e regras de cálculo, que permitan reducir a carga de traballo dos centros xestores e da fiscalización, e dote a so sistema de maior transparencia. Así mesmo, resulta necesario mellorar a comunicación á BDNS, de xeito automatizado en cada trámite.

Esta tarefa desenvolverase polo Servizo de Novas Tecnoloxías coa colaboración da Intervención provincial e dos centros xestores.

Intelixencia artificial



Os importantes avances no eido informático propiciaron nos últimos anos o desenvolvemento e implantación de ferramentas de intelixencia artificial en distintos ámbitos. A implantación destes sistemas no ámbito das administracións públicas permitiría a automatización de tarefas, maior precisión e redución dos tempos de análise e explotación dos datos, supoñendo así unha maior eficiencia e incremento na produtividade e calidade do traballo.

As entidades locais non debemos permanecer alleas a esta tendencia, de xeito que unha vez abordados os procesos de dixitalización e automatización de procedementos, se poida levar a cabo a revisión e preparación de datos para a súa dispoñibilidade e tratamento futuro con estas novas tecnoloxías.

3.4. Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas.

Unha vez executado o cambio do sistema contable cómpre abordar a modernización doutro sistema prioritario que é o correspondente coa xestión de Recursos Humanos. Considerando o volume de recursos xestionados e a implicación con outros sistemas (xestor de expedientes e contabilidade) prevese como un proceso complexo, que inicialmente estruturamos nas seguintes fases:

1º fase: Determinación do ámbito material do proxecto. Planificación das actuacións. Elaboración dos pregos reguladores da contratación.

- *Prazo de execución: 2025/2026.*

2ª fase: Contratación. Actuacións de implantación, integración e formación.

- *Prazo de execución: 2027.*

3ª fase: Posta en marcha.

- *Prazo de execución: 2027/2028.*

Este proxecto executarase polos Servizos de Recursos Humanos e Novas Tecnoloxías, coa colaboración da Intervención provincial.

Sen prexuízo destas actuacións incluídas na programación inicial, o proxecto global poderá ser obxecto de revisión e reprogramación no próximo Plan de acción.

Segundo. *Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.*

Terceiro. *Dar traslado da presente Resolución á Intervención para valoración e seguimento dos resultados das medidas correctoras implantadas para mellora de xestión económico – financeira desta entidade.”*

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda **queda enterada do contido do Plan de Acción Provincial 2025 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2024 e que foi aprobado por Resolución Presidencial número 2025005438 de data 25 de xuño de 2025**, en relación ó disposto no artigo 38 do Real



Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Fóra da orde do día, e previa a declaración da urxencia aprobada por unanimidade dos membros da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, tratouse o seguinte asunto:

ASUNTO: *Aprobación da prórroga do Convenio de Colaboración entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., SME e esta Deputación para facilitar o ingreso en contas da Deputación de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outros de dereito público, así como dunha addenda ao mesmo.(Exptes.- 2025053675 – 2021036880).*

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., SME e esta Deputación para facilitar o ingreso en contas da Deputación de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outros de dereito público, así como dunha addenda ao mesmo, asinada con data 23 de xullo de 2025 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“Antecedentes:

En data 30/07/2021 o Pleno da Deputación de Pontevedra acorda a aprobación do texto do convenio entre a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A., S.M.E. (CIF A-83052407), e a Deputación de Pontevedra (CIF P-3600000-H) para facilitar o ingreso en contas da deputación de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outras de dereito público; autorizar á Presidencia a formalizar os documentos precisos e a subscripción do convenio, así como condicionar a entrada en funcionamento do convenio á aprobación definitiva da ordenanza fiscal xeral do ORAL.

En data 07/09/2021 asinouse o convenio de colaboración e, de conformidade co estipulado na cláusula 14ª do convenio “O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de 4 anos. O convenio poderá ser prorrogado, con carácter anual, por un período de catro anos adicionais, por acordo expreso das partes que deberá ser formalizado por escrito en calquera momento anterior á súa finalización. En caso de non procederse de acordo co indicado anteriormente, o convenio reputarase deserto”.

No BOPPO de data 01/10/2021 publicouse a aprobación definitiva da ordenanza fiscal xeral do ORAL.

Visto o informe favorable á prorrogar o convenio, subscrito pola Xefatura do Servizo de Recadación e que conta co visto bo do titular da Tesourería da Deputación de data 08/07/2025, no que se cita textualmente: “A estatística sobre cobros de xiros postais ven



a reflectir un uso sostido no tempo e con importes relevantes. No primeiro semestre de 2025 efectuarse cobros por importe de 141.429,74 euros. O convenio non supón carga especial de traballo e a operativa resultou sinxela e sen incidencias relevantes”.

Vista a necesidade trasladada pola Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos de modificar a cláusula undécima do convenio, relativa a protección de datos, tramitase xuntamente coa prórroga do convenio a addenda de modificación da dita cláusula.

Fundamentos de dereito:

Considerando o estipulado na cláusula décimo carta do convenio: “O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de 4 anos. O convenio poderá ser prorrogado, con carácter anual, por un período de catro anos adicionais, por acordo expreso das partes que deberá ser formalizado por escrito en calquera momento anterior á súa finalización. En caso de non procederse de acordo co indicado anteriormente, o convenio reputarase deserto”.

Considerando que o presente convenio correspóndese cos convenios regulados no artigo 47.2 c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, isto é, naqueles que son subscritos entre unha Administración Pública, organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado. A Deputación ten a consideración de Administración Pública, de conformidade co artigo 137 da Constitución Española, e co artigo 3.1 da Lei de Bases do Réxime Local e Correos é unha sociedade mercantil estatal que, aínda que participada integramente pola Administración Xeral do Estado a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), se rexe polo Dereito privado, agás nas materias ás que lle sexa de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de persoal, de control económico financeiro e de contratación.

Con respecto á addenda de modificación da cláusula undécima relativa a protección de datos cabe destacar que o seu contido circunscríbese á reprodución das disposicións xa establecidas pola lexislación vixente en materia de protección de datos. Polo tanto, non derivan de esta novos dereitos e responsabilidades para as partes que as recollidas no texto orixinal do convenio que se prorroga. A súa incorporación, nembargantes, contribúe a unha redacción máis completa e precisa do convenio e a formalizar e detallar as responsabilidades xa inherentes á normativa de protección de datos, garantindo unha maior completitud e calidade na redacción do convenio.

Polo exposto e, de conformidade co establecido no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, visto o establecido no RD 939/2005, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación e, de conformidade coa e da Resolución presidencial número 2025000361, de 20 de xaneiro de 2025, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos distintos centros e áreas de servizo, en virtude das competencias que lle confire a esta o establecido no artigo 34 da Lei de Bases do Réxime Local, elévase ao Pleno da Deputación, unha vez se emitan os correspondentes informes xurídicos e da Intervención e previa remisión á Comisión informativa correspondente á seguinte:



PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a prórroga do Convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Correos y Telégrafos SA, SME e a Deputación Provincial de Pontevedra, para facilitar o ingreso en contas da Deputación de xiros postais empregados para pagar débedas tributarias e outras de dereito público que se deriven dos ingresos delegados polos Concellos e demais entes locais da provincia.

SEGUNDO: Acordar a prórroga por un período de duración de CATRO ANOS, a contar desde o 7 de setembro de 2025.

TERCEIRO: Aprobar o texto da addenda pola que se substitúe integramente a cláusula UNDECIMA-PROTECCIÓN DE DATOS do Convenio co seguinte teor literal

“ADENDA AL CONVENIO ENTRE LA S.E CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A. S.M.E Y LA EXCMA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA FACILITAR EL INGRESOS EN CUENTAS DE LA DIPUTACIÓN DE GIROS POSTALES UTILIZADOS PARA PAGAR DEUDAS TRIBUTARIAS Y OTRAS DE DERECHO PÚBLICO

En Madrid/Pontevedra, en la fecha que consta en la firma electrónica

REUNIDOS

De una Parte, **LA SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A. S.M.E.**, (en adelante “CORREOS”), con domicilio social en Conde de Peñalver 19, 28006, Madrid, con NIF A83052407, representada en este acto por **Dña. Olga García Saez**, con NIF 06568116-Y, en su condición de Directora de Operaciones, mancomunadamente con **D. Francisco Ferrer Moreno**, con DNI 74355918-T, en su condición de Secretario General y Políticas Públicas, en virtud de poder otorgado al efecto, elevado a público en escritura otorgada ante el Notario de Madrid D. Juan Kutz Azqueta el día 29 de febrero de 2024, con nº 350 de su Protocolo.

De otra parte, **D. Luis López Diéguez**, con DNI 76.928.782-S, en su condición de Presidente de la Diputación Provincial de Pontevedra, nombrado mediante acuerdo plenario del día 6 de julio de 2023, en nombre y representación del **Excma. Diputación de Pontevedra** con CIF **P3600000H**(en adelante, la “**Diputación Provincial de Pontevedra**” o la “**Diputación**”), al amparo de lo previsto en el artículo 21.1 b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local (“LBRL”), con domicilio a efectos del presente Convenio en la Avenida Montero Ríos s/n, 36071 Pontevedra.

Dando fe del acto el Secretario General de la Diputación de Pontevedra.

Se podrá denominar conjuntamente a las entidades anteriores como las “Partes” y de forma individual a cada una de ellas como la “Parte”.

Ambas Partes, reconociéndose mutuamente capacidad legal suficiente para formalizar la presente Adenda, y manifestando los comparecientes tener vigentes sus poderes y ser suficientes para obligar a sus representadas,

EXPONEN



PRIMERO. – Que, las Partes en fecha **07 de septiembre de 2021**, formalizaron un Convenio (en adelante, el “Convenio”) que tiene por objeto permitir que los obligados al pago de tributos u otros ingresos de derecho público devengados a favor de la Diputación de Pontevedra efectúen el pago de dichos conceptos mediante giro postal, para su ingreso en una de las cuentas corrientes operativas de las que la Diputación sea titular en sus entidades colaboradoras.

SEGUNDA. – Que, en vista de que el Convenio finaliza el próximo **07 de septiembre de 2025**, las Partes de mutuo acuerdo han convenido la prórroga del mismo, de conformidad con lo estipulado en la cláusula **DECIMOCUARTA. – VIGENCIA DEL CONVENIO**, del mismo.

TERCERA.- Que, las Partes convienen de mutuo acuerdo sustituir íntegramente la cláusula **ÚNDECIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS** del Convenio por la establecida en la presente Adenda y en atención a ello, acuerdan la presente Adenda que se registrará por las siguientes

ESTIPULACIONES

PRIMERA. – Ambas Partes declaran y reconocen que están en disposición de la firma de la presente Adenda, para cumplir de buena fe con sus obligaciones contractuales en los términos y condiciones establecidos en el Acuerdo.

SEGUNDA. – Las Partes convienen de mutuo acuerdo, prorrogar el Convenio referenciado en el Expositivo Primero que finalizaría el **07 de septiembre de 2025**, por un plazo 4 años, es decir, hasta el **07 de septiembre de 2029**, si no media denuncia previa con al menos 2 meses de antelación al vencimiento de la prórroga, por ninguna de las partes. La presente prórroga resultará eficaz una vez inscrito y publicado.

TERCERA. – Las Partes acuerdan sustituir íntegramente la cláusula **UNDECIMA. - PROTECCION DE DATOS** del Convenio por lo indicado a continuación:

11.1 Cumplimiento normativo

En lo que respecta al tratamiento de datos personales que deriva de la prestación del servicio objeto del Convenio, las partes se comprometen a cumplir el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento de Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas respecto al tratamiento de datos personales ya la libre circulación de estos datos, y la Ley orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales (LOPDGDD).

11.2 Comunicación de datos de CORREOS a la Diputación

Asimismo, el desarrollo del presente Convenio implica la comunicación por parte de CORREOS (como cedente) a la Diputación (como cesionario) de un fichero con información sobre el cliente del servicio de giro de CORREOS, por lo que la Diputación ha de garantizar las exigencias previstas en la normativa de protección de datos vigente.

La tipología de datos de carácter personal que podrán ser comunicados por CORREOS a la Diputación son los especificados en el cuaderno bancario con el que trabaja la Diputación.



La finalidad del tratamiento de datos será la identificación y verificación por parte de la Diputación de los pagos de los tributos u otros ingresos de derecho público realizados mediante giro postal y admitidos en la Red de Oficinas de CORREOS.

Para cualquier otra finalidad distinta de la recogida en el presente Convenio, la Diputación exonerará de cualquier tipo de sanción y responsabilidad frente a terceros, por reclamaciones de cualquier índole que tengan origen en el incumplimiento de las obligaciones de Protección de Datos de Carácter Personal a CORREOS.

Por motivo de lo indicado, las partes asumen el cumplimiento de las diferentes obligaciones que les son de aplicación y que, a título enunciativo y no limitativo, se indican a continuación:

Obligaciones del CEDENTE:

-El CEDENTE garantiza el cumplimiento de las obligaciones que le correspondan en virtud de las disposiciones contenidas en el presente Convenio y en la normativa vigente en materia de Protección de Datos Personales.

-El CEDENTE declara y garantiza la procedencia lícita de los datos personales comunicados a EL CESIONARIO, garantizando que éstos se han obtenido cumpliendo con los requisitos establecidos en la normativa vigente en materia de Protección de Datos Personales.

-El CEDENTE declara haber informado a los interesados de la finalidad de uso de sus datos personales, y haber aportado información suficiente en relación con la comunicación de datos articulada a través del presente Convenio.

-El CEDENTE garantiza haber adoptado las medidas de seguridad adecuadas, conforme al análisis de riesgos efectuado, a los efectos de asegurar la confidencialidad e integridad de los datos personales objeto de comunicación.

Obligaciones del CESIONARIO:

-El CESIONARIO garantiza que cumplirá con las obligaciones previstas en la normativa de protección de datos personales para el responsable del tratamiento, como consecuencia de la adquisición de esta condición tras la comunicación de los datos necesarios para la ejecución del Convenio.

-El CESIONARIO garantiza que los datos personales a utilizar serán exclusivamente para las finalidades expuestas en esta cláusula y, en caso de querer utilizarlos para otras finalidades, solicitará el previo consentimiento del cedente o de los propios interesados (en caso de ser éste necesario).

-El CESIONARIO adoptará las medidas de seguridad adecuadas de conformidad con el análisis de riesgos efectuado, en cumplimiento de lo previsto en el artículo 32 del RGPD.

-El CESIONARIO permitirá al interesado y titular de los datos personales comunicados el ejercicio de sus derechos sobre sus datos de carácter personal (acceso, rectificación, supresión, oposición y portabilidad), habilitando una dirección postal y una dirección electrónica para posibilitar el ejercicio de derechos por parte de los interesados.



-El CESIONARIO respetará en cualquier caso la confidencialidad respecto de los datos cedidos con motivo de la contratación y no lo revelará ni dejará a disposición de terceros, salvo que sea requerido por un Tribunal, Autoridad de Control o Autoridad Administrativa competente.

Ambas Partes se prestarán asistencia mutua y colaborarán activamente en todos aquellos procedimientos que afecten a la comunicación de datos, incluyendo su uso posterior, especialmente en lo que respecta a: Análisis de Riesgo y Evaluaciones de Impacto, Gestión de derechos, Notificación de Brechas de Seguridad e interlocución ante el organismo regulador.

Responsabilidad

Cada una de las partes será responsable del incumplimiento de las obligaciones que le correspondan, respondiendo los daños y perjuicios que pudiesen ocasionarse, y en especial de las sanciones que les pudiera imponer la Agencia Española de Protección de Datos o cualquier otro órgano competente ya sea español o europeo, como consecuencia del incumplimiento de las obligaciones establecidas en el presente Convenio.

11.3 Información a representantes y trabajadores:

Los datos personales de los representantes de las partes, así como de sus trabajadores y resto de personas de contacto que puedan intervenir en la relación jurídica formalizada serán tratados, respectivamente, por las entidades que se identifican en el encabezamiento, que actuarán, de forma independiente, como responsables del tratamiento de los mismos. Dichos datos serán tratados para dar cumplimiento a los derechos y obligaciones contenidas en este Convenio, sin que se tomen decisiones automatizadas que puedan afectar a los interesados. En consecuencia, la base jurídica del tratamiento es dar cumplimiento a la mencionada relación jurídica, siendo dicho fin estrictamente necesario para ejecutar el presente Convenio.

Los datos se mantendrán mientras esté en vigor la relación jurídica que aquí se estipula, siendo tratados únicamente por las partes y aquellos terceros a los que aquéllas estén legal o contractualmente obligadas a comunicarlos (como es el caso de terceros prestadores de servicios a los que se haya encomendado algún servicio vinculado con la gestión o ejecución del Convenio).

Los interesados de las partes podrán ejercer, en los términos establecidos por la legislación vigente, los derechos de acceso, rectificación y supresión de datos, así como solicitar que se limite el tratamiento de sus datos personales, oponerse al mismo, o solicitar la portabilidad de sus datos dirigiendo una comunicación por escrito a cada una de las Partes, a través de las direcciones especificadas en el encabezamiento o en las direcciones de correo electrónico derechos.protecciondatos.correos@correos.com o <https://sede.depo.gal/web/>, según corresponda. Asimismo, podrán ponerse en contacto con los respectivos delegados de protección de datos en la dirección dpdgrupocorreos@correos.com o dpd@depo.es, según corresponda; o presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos u otra autoridad competente.

Las Partes se comprometen expresamente a informar a sus trabajadores y resto de personas de contacto de los términos de la presente cláusula, manteniendo indemne a la contraparte de los daños que pueda conllevar la falta de cumplimiento de esta obligación.



CUARTA. - *Las Partes acuerdan que en todo aquello que no resulte modificado de forma expresa por la presente Adenda, será de aplicación el Convenio de fecha 7 de septiembre de 2021.*

QUINTA. – *Las Partes pactan la plena eficacia del Convenio formalizado entre ambas en todo aquello que por la presente Adenda no resulte expresamente modificado.*

Y siendo cuanto antecede fiel reflejo de lo pactado, las Partes firman la presente Adenda y a un solo efecto en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.”

CUARTO: *Dispor que se continúe a tramitación do expediente para a sinatura pola Presidencia da Deputación da formalización dos documentos que sexan precisos de conformidade co disposto no artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local”.*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., SME e esta Deputación para facilitar o ingreso en contas da Deputación de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outros de dereito público, así como dunha addenda ao mesmo, asinada con data 23 de xullo de 2025 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., SME e esta Deputación para facilitar o ingreso en contas da Deputación de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outros de dereito público, así como dunha addenda ao mesmo, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido



Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

12. Rogos e preguntas.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as dez horas e cinco minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

